

Elabora unha composición sobre as causas, as características e as consecuencias da emigración a América na época da Restauración partindo dos documentos que propomos para que fundamentes neles a túa argumentación. Debes salientar:

1. As causas deses fluxos migratorios, o perfil dos emigrantes e os principais destinos americanos entre mediados do século XIX e 1930.
2. As consecuencias positivas e negativas deses fluxos internacionais de man de obra a escala demográfica, económica, social e cultural: a importancia das remesas particulares e colectivas na modernización económica das rexións con forte emigración de retorno como Asturias ou Galicia.
3. A pegada da emigración na politización das sociedades de orixe a través das sociedades de instrucción e da actuación dos *americanos* retornados.

Doc. 1: Sonenses retornados de América a finais do século XIX



Doc. 2: casas de noieses retornados da emigración a América.



Docto. 3: Escolas financiadas por retornados da emigración en Betanzos (os García Naveira), Valga (Constante Couselo e o seu cuñado Gumersindo Ferro liderando aos veciños de Cordeiro).



Docto. 4: construción do edificio para as escolas Blanco Lema en Cée



Docto. 5: Destinos migratorios dos galegos en América e caixa de botellas de viño Tres Ríos de Bodegas Gallegas para enviar a América (museo do ferrocarril en Monforte de Lemos).

